



O ESCUDO DA CASA DO ASISTENTE

O fermoso escudo barroco que as persoas que chegan a Verín, procedentes de Ourense, atopáanse de fronte ao tomar unha pronunciada curva que ten a estrada N-525 ao seu paso pola vila, cuxa inesperada aparición sorprende os viaxeiros e chama tanto a atención que son moitas as freadas que se oen no barrio, cando as persoas que pasan deciden deter inmediatamente os seus vehículos, sacar as súas cámaras e fotografalo, malia ser un dos escudos de armas de Galicia que foi máis fotografado, e ademais obxecto de numerosos traballos xornalísticos e de investigación, segue presentando unha serie de incógnitas, que aínda non puideron ser desveladas.

¿A que persoa pertencía o escudo? ¿Que títulos posuía para ter dereito ao timbre que leva o escudo? ¿Colocouse na fachada da casa cando foi construída, ou foi traído doutro lugar? ¿Que liñaxes están representadas nos cuarteis do escudo? ¿Por que se coñece ao edificio, onde se encontra situado, como a Casa do Asistente?

A tratar de resolver esa longa serie de incógnitas está encamiñado este traballo, pero debo confesar que aínda non se pode asegurar, con absoluta seguridade, que todas elas quedasen resolvidas.

Para seguir o fío da investigación, convén comezar tratando de determinar a quen pertencía a casa, cuxa fachada exorna o escudo.

O P. Gándara¹, ao facer relación das persoas e liñaxes que descenden da Casa do Gargalo, indica que " (...) *pertenecen a esta sangre los Caballeros del apellido de Castro, que tienen su Casa en Verín en el Barrio de San Lázaro.* "

¹ Armas i Triunfos de los Hijos de Galicia. Cap. XXX. Pág. 348

Como a casa está situada nese barrio de Verín, e o primeiro cuartel do escudo de armas, que dende hai case tres séculos embelece o frontispicio principal do edificio, leva os seis roeis postos en dous pales, armas inconfundibles dos Castro, non hai dúbida ningunha de que esa casa pertencía a unha rama do liñaxe dos Castro.

Sentado iso, a primeira incógnita a desvelar é determinar se o escudo foi colocado no lugar que ocupa cando a casa foi construída, ou foi situado nela con posterioridade. Tamén é extremo doado de resolver, porque unha pequena cartela, situada ao pé do escudo, claramente esculpida leva a data de 1737, e se temos en conta que o P. Gándara publicou a súa obra, antes citada, en 1662, bastantes anos antes da data que ostenta a cartela, é claro que a casa xa existía antes de que se colocase na súa fachada o escudo, o cal, por outra banda, quedou plenamente confirmado cando, tras ser adquirido o edificio polo concello de Verín, leváronse a cabo as obras da súa restauración, apreciándose perfectamente, ao limpar e encintar a súa fachada, que os perpiaños da labra heráldica non tiñan continuidade co muro, se non que foran incrustados nel.

A seguinte incógnita que se formula, consistente en determinar a persoa a quen pertenceu o escudo de armas, resulta máis difícil de resolver e esixe un detido exame de todos os compoñentes do escudo, e moi especialmente do timbre que ostenta.

É preciso aclarar, para as persoas non versadas en heráldica, que as armas, é dicir todo o que aparece dentro do campo do escudo, non son esencialmente persoais, senón que son do liñaxe e poden seguir utilizándose calquera dos fillos e demais sucesores do primeiro posuidor, converténdose así en hereditarias, pero o timbre, que é un adorno exterior mediante o cal se identifica o seu dono, determinando a súa condición e o título que posúe, é fundamentalmente persoal e soamente se transmite ao herdeiro na condición ou no título. Existen timbres de Reis, Duques, Condes, Marqueses, etc., así como de autoridades eclesiásticas, civís ou militares, que soamente puideron utilizar, nos seus escudos de armas, os que posuíron aquela condición, pero sen que ese dereito se transmitise a todos os seus descendentes, senón exclusivamente aos seus sucesores no título.

Aclarado iso, procede analizar os ornamentos exteriores que leva este escudo, especialmente o seu timbre, que se compón de coroa e helmo empenachado, así como os lambrequíns, insignias e demais motivos militares.

Con respecto á coroa, da que quedan soamente os seus arrinques, se aceptamos a versión que deste suceso relata D. Manuel Fernández Barja² " (...) *este escudo tiña unha gran coroa circular, que rompeu o meu sogro, D. Luís Delgado Taboada Rajoy, ao colgarse dela cun bastón cando era neno*", esa parte do timbre desapareceu a finais do século XIX, xa que D. Luís Delgado nacera en 1871.

En calquera caso, polos seus arrinques, a coroa debía ser de tipo condal, porque da mesma condición é o helmo que tamén timbra o escudo. Este detalle non foi estudado polos que investigaron e escribiron sobre este escudo, pero é importante examinalo. Hai que indicar -tamén como aclaración aos que non coñecen con detalle as leis heráldicas- que os helmos que forman parte dos timbres das armerías, tiñan e teñen perfectamente regulada a súa postura e as súas características, que son especiais para cada clase de título, e así, para os condes, o helmo deberá estar terzado mirando á destra, e a viseira baixada con sete reixas,³ tal como exactamente ten esa labra heráldica dos Castro.

² Historia de Verín. Aínda inédita

³ Como norma xeral, o casco dos fidalgos leva tres reixas, cinco o dos baróns, nove o dos duques, e once o dos emperadores ou reis, aínda que, ordinariamente, as celadas destes últimos debense poñer de fronte, coa viseira aberta, como símbolo de que o rei debe saber e ver todo.

Precisamente ese timbre do escudo creaba un serio problema na investigación, porque non existía en Galicia, a principios do século XVIII, ningún Castro que ostentase a dignidade de Conde, salvo os Condes de Lemos, pero aos cales ningunha vinculación podía atribuírse coa casa do Asistente en Verín, polo que, ante iso, suscitábase a necesidade de examinar os demais adornos exteriores do escudo, para tratar de determinar a identidade do seu titular.

Trompetas, tambor, picas, guións e outros motivos militares, que profusamente adornan o exterior do escudo, necesariamente levan á conclusión de que o seu titular tiña que ter sido un militar de alta graduación, e a inclusión de dous canóns, entre o resto de motivos ornamentais, testemuñaba que o militar pertencía á arma de artillaría. As cruces que figuran na parte baixa dos adornos exteriores, aluden ás condecoracións que obtivera o titular do escudo.

Outro elemento a ter en conta era que, acolada pola súa destra, apreciase perfectamente que o escudo repousa sobre unha Cruz de Santiago, signo de que o seu titular era cabaleiro da Orde de Santiago.

Tendo en conta que tamén aos militares de alta graduación se lles concedera o dereito a timbrar os seus escudos de armas con coroa ducal, condal ou de marqués, en relación cos graos de mando que ostentasen, as conclusións que se extraían do exame do escudo, eran que o seu titular fora unha persoa do linaxe dos Castro, militar de alta graduación, pertencente ao corpo de Artillaría, e, ademais, cabaleiro da Orde de Santiago. Todos esas circunstancias coincidían na persoa de D. Francisco de Castro, que era un dos cabaleiros do apelido de Castro, ao cal aludía o P. Gándara na súa indicada obra, sinalando que era fillo de D. Antonio de Castro, e que era do "*(...)quito, i Caualleria de Santiago, i General de la Artilleria del Ejercito de Galicia*".

Investigando no Arquivo Parroquial de Verín, no Libro de Fundacións apareceu un testemuño parcial do testamento outorgado por D. Francisco de Castro en Madrid, o día 19 de xullo de 1663, ante o escribán público D. Francisco Bermúdez de Castro, fundando unha capelanía en Verín, de cuxo contido desprendense varios datos que poden axudar aos fins desta investigación.

Comeza o testamento, coa fervorosa profesión de fe católica e súplica á Sacratísima Virxe, xeralmente utilizada nos testamentos outorgados no século XVII, e o seu contido, actualizado á escritura actual, e no que a este caso interesa, di o seguinte:

En el nombre de Dios todopoderoso Amén. Sepan cuantos esta pública escritura de testamento vieren como el General Don Francisco de Castro Caballero de la Orden de Santiago Gobernador de Málaga, hijo legítimo de los señores Don Antonio de Castro y D^a Juana Bericosqui residentes en esta Villa de Madrid, estando enfermo en la cama de la enfermedad que Dios nuestro Señor ha sido servido de darme y en mi buen juicio y entendimiento natural tal cual ha sido su divina majestad servido de darme, creyendo como creo en el Misterio de la Santísima Trinidad Padre e Hijo y Espíritu Santo, tres personas distintas y un solo Dios verdadero y en todo lo demás que tiene, cree y confiesa la Santa Madre Iglesia Católica Romana, debajo de cuya fe y creencia he vivido y proyecto de vivir y morir, tomando como tomo como por mi intercesora y abogada a la Sacratísima Virgen María Nuestra Señora madre de Nuestro Señor Jesucristo a quien con todos los santos y santas de la Corte del cielo pido y suplico intercedan por mí y perdone mis pecados y con estas divinas invocaciones deseando salvarme y disponer de mis bienes hago y ordeno este mi testamento última y postrimera voluntad en la forma y manera siguiente.-----
Cláusula.- Ítem es mi voluntad que de todo el remanente que hubiere de dichos mis bienes, que se ponga en renta fija, cierta y segura a donde les pareciere a

los dichos señores mis testamentarios y lo gocen por los días largos de su vida los dichos señores mis padres y después de los suyos lo goce por su vida mi hermano el señor maestro de campo Don Pedro de Castro, Caballero del Orden de Santiago y después de sus días se funde con dicha renta una capellanía en la Ermita de Nuestra Señora de la Fe, que tengo fundada extramuros de la Villa de Verín, en el Reino de Galicia. Para lo cual nombro por Capellán de dicha Capellanía a Don José Muñiz, hijo de Don Manuel Muñiz y de mi señora Maria de Bogantes vecinos de Benavente, sin obligación de ordenarse ni demás que mandar decir cincuenta misas en cada año en dicha ermita y por patrón de ella y de dicha Capellanía nombro a Don Placido Sarmiento, señor de la casa de San Cristóbal de Regodeigón en Galicia y a sus hijos y descendientes, entiéndase el que sucediera en su casa.

A lectura desa parte do testamento, e doutras dilixencias que se inclúen no testemuño, expedido polo Escribán D. Francisco Bermúdez de Castro, que se remitiu á parroquia de Santa María a Maior de Verín, permite asegurar que D. Francisco de Castro, no ano 1663, era veciño de Madrid, onde tamén residían os seus pais, D. Antonio de Castro e D^a. Juana Bericosquí; que estaba casado con D.^a María de Gobantes e Escobar, de cuxo matrimonio non tiveran fillos, aínda que ela tiña varios do seu anterior matrimonio con D. Manuel Muñiz. Que acadara o grao de xeneral de Artillaría do exército de Galicia, fora Gobernador de Málaga, e era cabaleiro da Orde de Santiago. Tamén se desprende que gozaba de boa posición económica, porque, noutra parte do seu testamento, asegura que ademais dos inmobles dispón de sesenta e tantos mil reais en diñeiro, e ademais prata e alfaias, e especialmente dedúcese que tiña unha moi especial vinculación con Verín, xa que dispuxo que unha vez rematado o usufruto, da renda obtida por todos os seus bens, que legou aos seus pais e despois ao seu irmán D. Pedro de Castro, fundácese unha capelanía na ermida da Nosa Señora da Fe ⁴, que xa tiña fundada extramuros da vila de Verín, na que debían dicirse cincuenta misas ao ano.

Contando agora cos antecedentes que se deixan indicados, procede acometer o brasonamento do escudo de armas obxecto deste traballo.

É rectangular, ovalado en punta, con particións irregulares, polo que non resulta doado determinar a orde das alianzas e liñaxes que se reflectiron nel. Tomando como fundamental a liña vertical que pasa polo seu centro, pode describirse como partido:

Primeiro. - Á vez partido e medio cortado: 1.- Seis roeis, colocados en dous pales de tres. 2.- Dous espellos, colocados en faixa. 3.- Unha custodia sumada dunha cruz flamíxera.

Segundo. - Medio partido e cortado: 4.- Tres vasoiras en faixa, superadas dunha cruz floreteada; bordura cargada de dez billetes. 5.- Unha barra; brochante sobre o todo cadea de trinta e dous elos. 6.- Cortado en xefe: a) Cuartelado: 1º e 4º, unha espóra; 2º e 3º, unha caldeira. b).- Sobre ondas, dúas torres donxonadas, sumadas de dúas aguias enfrontadas, apoiando, cada unha delas, unha das súas patas sobre unha torre e sostendo coa outra un saleiro en forma de copa, no que pican. Superado o anterior por dous lagartos, contra pasantes, e brochante sobre eles, unha lousa.

⁴ Esa ermida desapareceu hai moitos anos, e nos Arquivos da Parroquia de Santa María a Maior de Verín non consta que naquel tempo houbera formado parte dos anexos da Parroquia, polo que pode asegurarse que a ermida non estaba dentro do territorio parroquial. Investigando a súa posible localización, coñecín que os lameiros que se atopan na ribeira do Támeiga, entre o Barrio de San Lázaro e a localidade da Pousa, chámanse “DA VIRXE DA FE”, polo que é moi probable que naquela zona estivese aquela ermida, moi cerca da casa dos Castro, e “ *extramuros de la Villa de Verín*”, pero en territorio xa pertencente a parroquia de Nosa Señora da Gracia de Monterrei.

Timbrado con helmo empenachado, terzado á destra, con viseira baixada de sete reixas, sinistrado dunha ave e coroa condal. Adornos exteriores de lambrequíns, trompetas, tambor, lanzas, picas, guións, canóns e outros obxectos de carácter militar. Acolado pola destra coa Cruz de Santiago.

A asignación de liñaxes, a algúns dos cuarteis do escudo, presenta serias dificultades, non xa polo problema que sempre amosa o non poder coñecer os metais e cores das pezas e figuras representadas nos perpiaños de pedra, senón tamén porque hai cuarteis que foi imposible localizalos nos moitos tratados de heráldica que levamos examinados.

O cuartel 1 non ofrece dificultade ningunha, xa que, tendo en conta todos os antecedentes de que dispoñemos, é claramente CASTRO.

Os 2 e 3, que se presentan cortados, non parecen ser de liñaxe, senón referirse a cargo, seguramente desenvolvido no Santo Oficio, xa que a cruz flamíxera que suma a custodia, no 3, é peza utilizada nos escudos daquela institución. Moitos investigadores coincidiron en indicar que tamén as figuras colocadas en faixa, no 2, son custodios, pero un erudito heraldista⁵, co que comparto opinión, inclínase por estimar que son dous espellos, símbolo da verdade e da pureza virtual dun familiar do Santo Oficio. Non encontrei, nos antecedentes que conseguín reunir da vida de D. Francisco de Castro, datos que poidan confirmar que tamén ocupara algún alto cargo no Santo Oficio. O único que o relaciona con esa institución, é que no seu testamento, ademais de designar o seu irmán D. Pedro de Castro como testamenteiro, tamén designou para ese cargo a D. Alonso Bermúdez, Secretario do Santo Oficio. Con tales datos, é claro que esta incógnita, non queda desvelada.

Obxecto de moi distintas atribucións de liñaxe, é o cuartel 4. Tomando como referencia, case todos os investigadores que escribiron sobre esta labra heráldica, exclusivamente á cruz floreteada, atribuíse o liñaxe dos SOTELO, dos PEREIRA, de SANTA CRUZ, etc. porque todos eles levan nas súas armas unha cruz floreteada, peza que, por outra parte, soa ou combinada, aparece en multitude de escudos de armas. O interesante dese cuartel, é que non só a cruz está perfectamente esculpida, senón que tamén o están, na punta e postas en faixa, as tres figuras que levan a forma coa cal, en heráldica, se representa á vasoira e, ademais, todo iso cunha bordura de dez billetes, tamén minuciosamente esculpidos, ao igual que as vasoiras. A composición que presenta o cuartel é moi definida e completa, polo que non parece probable que existan outras armas exactamente iguais. Pero examinando decenas de armoriales, en ningún aparecen reflectidas esas armas, e tampouco os meus colegas da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia, aos cales atordei con preguntas sobre ese cuartel, puideron determinar o liñaxe que representa. Agora, coñecendo a probable personalidade do titular do escudo, e sabendo que estaba casado con D^a. María de Bogantes e Escobar; tendo en conta que a peza principal, utilizada nos escudos de armas do liñaxe Bogantes, é precisamente unha cruz floreteada, e que os da casa Escobar utilizan, nalgunha das modalidades do seu escudo, tres vasoiras, cabe supoñer, aínda que non poida afirmarse con seguridade, que nese cuartel estaba representado, no seu conxunto, o liñaxe de BOGANTES Y ESCOBAR, ao que pertencía a esposa do titular do escudo.

Tamén o 5 dos cuarteis formula un interrogante que non puideron resolver. Todos, absolutamente todos os que estudaron e escribiron sobre esta labra heráldica, atribúen ese cuartel o liñaxe ZÚÑIGA, seguramente pola proximidade xeográfica dos ZÚÑIGA de Monterrei, pero non encontro base para compartir esa opinión. Os ZÚÑIGA de

⁵ Profesor D. José Florencio Rodríguez-Valladares Montero

Monterrei levan nos seus escudos unha banda de sable, e brochante sobre o todo, colocada en orla, unha cadea de oito elos. Encóntanse, no acrópole de Monterrei e en varias edificacións que aínda perduran dentro do que foron os estados do Conde de Monterrei, moitos escudos dos Zúñiga, todos con esas armas que deixei descritas. Acontece que o 5 cuartel, do escudo que estamos brasonando, o que leva é unha barra e brochante sobre o todo, colocada en orla, unha cadea de trinta e dous elos. É posible que, nalgún caso, un fidalgo pretencioso tivese decidido que a cadea que levaba o seu escudo quedaba máis bonita aumentándolle o número de elos, ou que o mestre canteiro a quen se encargara esculpir un modesto escudo, se confundise no número de elos que debía levar a cadea. Pero a banda, en heráldica, é unha peza honorable ou de primeira orde, que representa á banda que leva o cabaleiro, e que, por iso, atravesa diagonalmente o escudo, dende o ángulo superior destro ata o inferior sinistro, mentres que a barra, tamén peza honorable, vai dende o ángulo superior sinistro, ata o inferior destro. Como ámbalas dúas pezas son totalmente contrapostas: branco e negro, noite e día, e non pode concibirse, en heráldica, que quen ordenou esculpir o seu fermoso escudo de armas barroco, coa nitidez de pezas, figuras, e adornos exteriores que contén, confundise a barra coa banda, non creo que ese cuartel sexa do liñaxe dos Zúñiga.

Aí remátanse os interrogantes do campo do escudo, xa que o 6-a) é PUGA, e tampouco ofrecen dúbida as pezas do 6.b) que son de SALGADO é LOSADA, armas moi estendidas en todo o val de Monterrei.

Queda por resolver a incógnita que aínda perdura, acerca do motivo concreto polo cal, a esa vella casa do Barrio de San Lázaro, tense vido coñecendo como "A Casa do Asistente", con cuxo nome aparece designada, lindante cunha horta do Marques de Santa Cruz, nun vello plano do Barrio de San Lázaro, do século XVIII.

A maioría dos investigadores que escribiron sobre este tema, seguramente tamén pola proximidade xeográfica de Monterrei, sosteñen que así se denominaba a casa, porque o seu titular fora "Asistente" do Conde de Monterrei. Pero resulta que o Conde de Monterrei, na vila de Monterrei e nas demais dos seus estados, poñía Correxidor, Rexedor, Escribáns de número, Alguacil e ministros con xurisdición, pero por ningún lado aparece mencionado ese cargo de asistente. Se a iso unimos que os cabaleiros do apelido Castro, propietarios da casa, residían en Madrid, eran militares e non tiñan dependencia directa coñecida cos Condes de Monterrei, non parece que esa versión teña fundamento.

Outros investigadores, tomando como referencia a composición de pezas e figuras que aparecen nos cuarteis 2 e 3 do escudo, sosteñen que chamouse así á casa, porque o seu dono desempeñara o cargo de "Asistente" no Santo Oficio, pero tampouco parece acertada esa conclusión, porque no Santo Oficio non existiu ese cargo específico de "Asistente".

Tendo en conta que "Asistente" era un cargo que, en certas vilas e cidades españolas como Santiago, Sevilla e outras, tiña as mesmas atribucións que correxidor ou gobernador, "*que asisten por el Rey*" e que, segundo os datos que agora temos de D. Francisco de Castro, este fora gobernador de Málaga, cabe supoñer que, entre a xente do pobo, sen ter en conta o específico que a denominación do cargo de Asistente tiña soamente para determinadas cidades e vilas, por extensión comezábase a denominar así a casa, por pertencer a quen fora gobernador dunha importante cidade española.

En resumo, creo que poden tomarse como datos certos: que a casa foi dos Castro; que cando foi construída non tiña o escudo; que este pertenceu a D. Francisco de Castro, e que cando finalizaron os usufrutos vitalicios que o testador instituíu, primeiro a favor dos seus pais e logo do seu irmán D. Pedro, os seus testamenteiros e sucesores, despois de vender os seus bens e constituílos en renda fixa e segura, decidiron levar a

Verín e colocar na fachada da casa solar dos Castro esa labra heráldica, que posiblemente tería D. Francisco na súa casa de Madrid; e que, sobre a atribución de liñaxes aos cuarteis do escudo e á denominación da casa, haberá que seguir investigando, para tratar de obter conclusións definitivas.

E xa como colofón a este traballo, quizais proceda relatar unha das moitas historias, referida a vicisitudes acontecidas durante a vida deste fermoso escudo. A mediados do século pasado, un afeccionado á heráldica, que percorría Galicia comprando, baratos, os escudos de armas que seguían inmutables nos seus sitiales, nos pazos e vellas casas fidalgas, que aínda se conservan nas nosas aldeas ou vilas proclamando a nobre condición dos que as construíran, en canto viu este fermoso escudo decidiu compralo e levarlo para a súa residencia en Vigo. Pero decatado diso o meu tío Xesús Taboada Chivite, clamando indignado, mediante acendidos artigos xornalísticos, contra o pretendido espolio que se quería levar a cabo, e dando ademais conta diso ás autoridades competentes, logrou impedir que o escudo se vendese e perdese Verín un dos mais fermosos exemplares do seu patrimonio histórico. Pero era tanto o interese que a labra heráldica suscitara naquel acaparador de escudos, que encargou a un coñecido escultor a confección dunha réplica, que hoxe pode contemplarse en Vigo, nos xardíns do luxoso hotel que se construíu no terreo que ocupaba o Colexio Sensat, aliñada xunto a outras 93 pezas heráldicas, varias das cales son auténticas e saíron do val de Monterrei.

Adolfo Taboada Sanz.

Da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia)